


O B R A D O I R O P O É T I C O



POESÍA AO XEITO
DA...
XERACIÓN DE 1922



Poema imaxinista

O mozo vento mareiro
funga un cantar esquecido
que chove flores nas leiras
entumecidas de frío.

L. AMADO CARBALLO

- Tres estrofas de catro versos de **arte menor** (preferentemente octosílabos con rima asonante nos pares).
- Tema **paisaxístico**.
- Presenza dunha **personificación** en cada estrofa. Unha delas debe de referirse ás nubes.

Pode serche útil tomar un poema como modelo, por exemplo “A canción do temporal” de L. Amado Carballo. Mesmo, se a musa da lírica non te acompaña, podes elixir un verso ou dous deste ou doutro poema imaxinista e mesturalos co teu para escribir un poema novo, o teu. Lémbtrate de escribilos con cursiva.



Poema neotrobadoresco

O cabaleiro da pruma na gorra,
meu amigo é!
O cabaleiro do verde tabardo,
meu amigo é!
Ogallá que na guerra non morra,
meu amigo é!
Non de frecha, de hasta, nin dardo,
meu amigo é!


ÁLVARO CUNQUEIRO

Para a creación do teu poema neotrobadoresco deberás ter en conta as seguintes suxestións:

- **Catro estrofas** de **dous versos** e estribillo.
- **Presenza** da palabra **amigo**.

- Presenza de **paralelismo** e/ou **leixaprén**.

Se a musa poética aínda non te visitou, recorre a un dos poemas neotrobadorescos de Álvaro Cunqueiro, escollendo un dos seus versos para iniciar o teu poema.



Poema vangardista (pleno)

“Elexía ao capitán Roald Admunsen

que se perdeu no Polo Norte”

Oh captain! My captain

PAISAXE

Ninguén pudo atopar entre a neve

eses beizos xeados

que se lle perderon ao silencio

E as lonxedades

ceibes

descinguíron a soedade

No remuíño

da derradeira rafega de vento

foise toda esperanza

e o sol apagado

Ningunha voz poderá destemerse

sin caer morta aos pés da neve

coma un paxaro novo

Oh capitán!

Meu capitán!

MANUEL ANTONIO,

Ruptura! Podería ser este sen dúbida o lema das vangardas e sobrarían consellos. En fin, se Euterpe te deixou esquecido xa definitivamente, aquí van algunhas suxestións. Pero sobre todo lembra: non se trata de imitar a realidade senón de escribir unha recreación interior desta.

- A primeira é ler un poema de Manuel Antonio para posteriormente anotar os substantivos,

adxectivos e verbos que nos veñan á cabeza... Despois, deberás tomar como modelo a estrutura do amentado poema e incorporarlle os substantivos, adxectivos e verbos previamente anotados.

- A segunda é facer o mesmo cun dos poemas de *Poemas do si e non* de Álvaro Cunqueiro, nos que se aprecia certa influencia surrealista. Así que xa sabes, por que non a escritura automática?
- A terceira permíteche xogar a ser un poeta futurista. Polo tanto, deberás exaltar as conquistas tecnolóxicas no teu poema... Se os poetas futuristas ou os influídos por esta corrente cantaban ao automóbil, a enerxía eléctrica ou o avión, ti podes escoller, por exemplo, Internet como tema do teu poema.
- A cuarta, esíxeche ir un pouco máis alá (de que nos soará iso?), posto que deberás tentar crear un caligrama, é dicir, un poema que forme unha imaxe visual, mesturando conceptos, metáforas e frases ao chou. Aquí tes un enlace para saber máis sobre os caligramas:
<http://asvangardas.blogspot.com.es/2008/02/os-caligramas.html>
- A quinta consiste en tentar describir algún cadro de Luís Seoane, artista homenaxeado este ano no Día das Artes Galegas.

E lembra

- Na Biblioteca Virtual Galega¹ podes atopar obras dos poetas da Xeración de 1922 (Xeración de 1925 ou Xeración das Vangardas): L. Amado Carballo, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza-Brey...
- Un dos tres poemas ten que facer referencia a un río.

¹<http://bvg.udc.es/index.jsp>